



# **INFORME RESUMO DO PLAN DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2013 – 2018.**

## **INDICE**

|                                                         |           |
|---------------------------------------------------------|-----------|
| <b>1.- Introducción.....</b>                            | <b>2</b>  |
| <b>2.- Inspeccións realizadas.....</b>                  | <b>3</b>  |
| <b>2.1.- Inspectores Ambientais de Galicia.....</b>     | <b>3</b>  |
| <b>2.2.- UPA ( Unidade Policía Autónoma).....</b>       | <b>4</b>  |
| <b>2.3.- Organismo de Control Autorizado (OCA).....</b> | <b>5</b>  |
| <b>3.- Sectores Industriais inspeccionados.....</b>     | <b>5</b>  |
| <b>4.- Resultados mais destacados.....</b>              | <b>9</b>  |
| <b>5.- Indicadores.....</b>                             | <b>11</b> |
| <b>6.- Manual de Inspección Ambiental.....</b>          | <b>12</b> |
| <b>7.- Outras accións .....</b>                         | <b>14</b> |

|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                      |                |                   |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------|----------------|-------------------|
|  <b>XUNTA DE GALICIA</b><br>CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,<br>TERRITORIO E VIVENDA<br>Dirección Xeral de Calidade Ambiental<br>e Cambio Climático | <b>SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL</b>                             | <b>Versión</b> | <b>0</b>          |
|                                                                                                                                                                                                                                    | <b>INFOME RESUMO DE PLAN DE INSPECCIÓN<br/>AMBIENTAL 2013 - 2018</b> | <b>Data</b>    | <b>06/05/2019</b> |
|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                      | <b>Páxina</b>  | <b>2 de 17</b>    |

## 1.- INTRODUCCIÓN.

É o primeiro Plan de Inspección ambiental de Galicia redactado e elaborado conforme a DEI (Directiva de Emisións Industriais) e a normativa de España de desenvolvemento da mesma: Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación “IPPC” e RD 815/2013, do 18 de outubro (Capítulo III: Inspección e Control. Artigos 21 a 25 inclusive).

Varias veces tivo que modificarse o Plan de Inspección Ambiental de Galicia 2103 – 2018 para adaptarse á normativa legal vixente. Ao final o Plan está formado por 3 Plans de Inspección Ambiental:

- Plan de Inspección ambiental de actividades IPPC.
- Plan de Inspección ambiental de actividades NON IPPC, e
- Plan de Inspección ambiental de traslados de residuos transfronteirizos.

A duración do Plan foi de 6 anos.

Tanto o Plan inicial como as seguintes modificacións foron aprobados por a máxima autoridade en materia de Calidade e Avaliación Ambiental (rango de Director/a ou Secretario/a xeral da Consellería con competencias en materia de Medio Ambiente).

A aprobación do Plan como as súas consecuentes modificacións realizouse sempre antes de comezar o tempo de entrar en vigor o mesmo (xaneiro do ano seguinte)

Tamén se publicou sempre o Plan como os diferentes Programas actualizados na páxina web da Consellería quedando a disposición do público en xeral e cumprindo o indicado na normativa legal vixente de publicar tanto o Plan como os diferentes Programas de inspección ambiental.

|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                  |                |            |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|----------------|------------|
|  <b>XUNTA DE GALICIA</b><br>CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,<br>TERRITORIO E VIVENDA<br>Dirección Xeral de Calidade Ambiental<br>e Cambio Climático | <b>SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL</b>                         | <b>Versión</b> | 0          |
|                                                                                                                                                                                                                                    | <b>INFOME RESUMO DE PLAN DE INSPECCIÓN AMBIENTAL 2013 - 2018</b> | <b>Data</b>    | 06/05/2019 |
|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                  | <b>Páxina</b>  | 3 de 17    |

As inspeccións ambientais que se indicaron nos diferentes Programas de Inspección ambiental realizáronse polos inspectores ambientais da Consellería de Medio Ambiente e polos axentes da UPA (Unidade de Policía Autonómica) que colaboran coa Consellería con competencias en materia de Medio Ambiente (A súa colaboración coa inspección ambiental xa se iniciou no ano 2010).

Todos os anos elaboráronse os Programas de Inspección ambiental en base ao Plan de Inspección Ambiental (en total foron seis).

## 2.- INSPECCIÓN REALIZADAS.

### 2.1.- Inspectores Ambientais de Galicia.

Realizáronse polos Inspectores Ambientais do Servizo de Intervención Ambiental 3.581 inspeccións ambientais (858 Programadas ou rutineiras e 2723 non programadas ou non rutineiras) desagregadas en:

Período 2013-2018 realizáronse:

| <b>INSPECCIÓN REALIZADAS NO PERÍODO 2013-2018</b> |                    |                        |
|---------------------------------------------------|--------------------|------------------------|
| <b>Plan</b>                                       | <b>Programadas</b> | <b>Non Programadas</b> |
| Actividades IPPC                                  | 509                | 480                    |
| Actividades non IPPC                              | 282                | 2.238                  |
| Transfronteirizos                                 | 67                 | 5                      |

|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                      |  |                |            |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------|--|----------------|------------|
|  <b>XUNTA DE GALICIA</b><br>CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,<br>TERRITORIO E VIVENDA<br>Dirección Xeral de Calidade Ambiental<br>e Cambio Climático | <b>SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL</b>                             |  | <b>Versión</b> | 0          |
|                                                                                                                                                                                                                                    | <b>INFOME RESUMO DE PLAN DE INSPECCIÓN<br/>AMBIENTAL 2013 - 2018</b> |  | <b>Data</b>    | 06/05/2019 |
|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                      |  | <b>Páxina</b>  | 4 de 17    |

Tipoloxía de inspeccións realizadas polos Inspectores ambientais de Galicia no período de vixencia do Plan 2013 - 2018

| <b>TIPO DE INSPECCIÓN</b>               | <b>2013</b> | <b>2014</b> | <b>2015</b> | <b>2016</b> | <b>2017</b> | <b>2018</b> |
|-----------------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| Inspeccións Rutinarias                  | 38          | 22          | 34          | 32          | 73          | 141         |
| Inspeccións Non rutinarias - Oficio     | 57          | 124         | 154         | 114         | 65          | 95          |
| Inspeccións Non rutinarias - Preceptiva | 163         | 117         | 96          | 92          | 101         | 67          |
| Inspeccións Non rutinarias - Reactiva   | 151         | 100         | 83          | 96          | 83          | 68          |
| Inspeccións Non rutinarias - Seguimento | 106         | 73          | 86          | 117         | 63          | 32          |
| Verificación ambiental (*)              | 43          | 41          | 100         | 137         | 95          | 98          |

(\*). Verificacións ambientais son as inspeccións Programadas IPPC que dispoñen AAI

O Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia comunicou durante o período 2013 – 2018:

◊ Incidencias ambientais notificadas polo teléfono 112: superior a 600

◊ Incidencias ou Emerxencias ambientais que orixinaron inspeccións: superior a 150.

O número de expedentes sancionadores iniciados pola actividade inspectora foron de:

|           |                           |             |
|-----------|---------------------------|-------------|
| ANO 2013: | RESIDUOS (643); IPPC (7). | TOTAL (650) |
| ANO 2014: | RESIDUOS (850); IPPC (9)  | TOTAL (859) |
| ANO 2015: | RESIDUOS (861); IPPC (13) | TOTAL (874) |
| ANO 2016: | RESIDUOS (779); IPPC (12) | TOTAL (791) |
| ANO 2017: | RESIDUOS (505); IPPC (12) | TOTAL (517) |
| ANO 2018: | RESIDUOS (422); IPPC (19) | TOTAL (441) |

|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                      |  |                |                   |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------|--|----------------|-------------------|
|  <b>XUNTA DE GALICIA</b><br>CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,<br>TERRITORIO E VIVENDA<br>Dirección Xeral de Calidade Ambiental<br>e Cambio Climático | <b>SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL</b>                             |  | <b>Versión</b> | <b>0</b>          |
|                                                                                                                                                                                                                                    | <b>INFOME RESUMO DE PLAN DE INSPECCIÓN<br/>AMBIENTAL 2013 - 2018</b> |  | <b>Data</b>    | <b>06/05/2019</b> |
|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                      |  | <b>Páxina</b>  | <b>5 de 17</b>    |

## 2.2.- UPA ( Unidade Policía Autónoma).

Neste periodo contouse coa colaboración da UPA para a realización de inspeccións a actividades de produción e xestión de residuos. Neste periodo a UPA realizou un total de 15.640 inspeccións.

Esta colaboración facilitou que os inspectores ambientais se centraran nas inspeccións a actividades IPPC, control de traslados de residuos e a sectores de relevancia medioambiental.

|                               | <b>2013</b> | <b>2014</b> | <b>2015</b> | <b>2016</b> | <b>2017</b> | <b>2018</b> |
|-------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| <b>Investigación policial</b> | 3332        | 3728        | 2604        | 2253        | 1966        | 1757        |

## 2.3.- Organismo de Control Autorizado (OCA).

Neste periodo contouse coa colaboración dunha OCA para a realización de inspeccións a actividades específicas de produción e xestión de residuos. Neste periodo a OCA realizou un total de 1.253 inspeccións.

|                            | <b>2013</b> | <b>2014</b> | <b>2015</b> | <b>2016</b> | <b>2017</b> | <b>2018</b> |
|----------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| <b>Vixiancia ambiental</b> | 267         | 255         | 279         | 80          | 84          | 88          |

|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                      |                |            |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------|----------------|------------|
|  <b>XUNTA DE GALICIA</b><br>CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,<br>TERRITORIO E VIVENDA<br>Dirección Xeral de Calidade Ambiental<br>e Cambio Climático | <b>SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL</b>                             | <b>Versión</b> | 0          |
|                                                                                                                                                                                                                                    | <b>INFOME RESUMO DE PLAN DE INSPECCIÓN<br/>AMBIENTAL 2013 - 2018</b> | <b>Data</b>    | 06/05/2019 |
|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                      | <b>Páxina</b>  | 6 de 17    |

### 3.- SECTORES INDUSTRIAIS INSPECCIONADOS

Os sectores que se inspeccionaron nestes 6 anos (2013 a 2018) foron os seguintes:

**I. Actividades IPPC que dispoñen de AAI.** Realizáronse as inspeccións en base ao IRAM (Índice de riscos ambientais). Cada actividade IPPC que dispón dunha AAI inspeccionouse en base ao IRAM cada ano, cada dous ou cada tres. A inspección que se denomina internamente “Verificación ambiental” consiste en comprobar o cumprimento da AAI, o cumprimento do establecido no monitoring en todos os vectores ambientais que se indican no permiso.

**II. Vertedoiros de residuos.** Inspecciónanse todos os vertedoiros de residuos xa sexan IPPC ou non IPPC unha vez ao ano. Especial atención nos últimos nas inspeccións foi comprobar que levaban a cabo polos xestores do vertedoiro a realización das probas de conformidade dos residuos e as caracterizacións básicas dos mesmos.

**III. Control de traslados de residuos transfronteirizos.** Incrementáronse os controis tanto en carreta como nas actividades dende o ano 2017 no que se estableceu a obrigatoriedade de dispoñer dun Plan plurianual e uns programas anuais para o control dos residuos transfronteirizos.

**IV. Xestores de residuos perigosos.** Ao ser un dos sectores de maior risco das actividades NON IPPC realizáronse varios subprogramas anuais en sectores específicos tales como baterías usadas fóra de uso; PCB´s e PCT´s.

**V. Xestores de RAEEs.** Especial atención realizouse neste sector dende a aprobación no ano 2015 do RD 110/2015. A complexidade desta nova normativa tanto para a Administración como para os operadores implicou a realización cada ano dun subprograma específico de inspección ambiental neste sector.

|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                      |                |            |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------|----------------|------------|
|  <b>XUNTA DE GALICIA</b><br>CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,<br>TERRITORIO E VIVENDA<br>Dirección Xeral de Calidade Ambiental<br>e Cambio Climático | <b>SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL</b>                             | <b>Versión</b> | 0          |
|                                                                                                                                                                                                                                    | <b>INFOME RESUMO DE PLAN DE INSPECCIÓN<br/>AMBIENTAL 2013 - 2018</b> | <b>Data</b>    | 06/05/2019 |
|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                      | <b>Páxina</b>  | 7 de 17    |

**VI. Xestores de RCD's.** Durante o tempo de vixencia do Plan tivo lugar a crise económica na que diminuíron as actividades de produción de RCD's. Pero incrementáronse as accións ilegais de verter estes residuos en lugares non autorizados. Por iso dispuxéronse varios subprogramas de control e investigación policial para tentar evitar estas verteduras ilegais no medio rural e en zonas non autorizadas.

**VII. Produtores e Xestores de Valorización de lodos.** No ano 2012 a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 125/2012 do 10 de maio. Nos dous anos seguintes realizáronse inspeccións ambientais enmarcadas nun Subprograma específico para comprobar a xestión correcta destes lodos orientados principalmente aos producidos nas EDAR (Estacións depuradoras de augas residuais urbanas). Tamén se realizaron varios subprogramas específicos a xestores de valorización de lodos principalmente os de compost, fertilizantes e tecnosolos.

**VIII. Talleres de automóbiles.** Cumprimento da normativa vixente. Todos os anos realízase un subprograma de vixilancia policial que o leva a cabo a UPA nos talleres de automóbiles orientado principalmente á correcta segregación dos residuos perigosos e entrega a xestores autorizados. É de ámbito territorial nas 4 provincias galegas. Cada ano contrólanse unha media de 200 talleres de automóbiles. Moi alto o grao de cumprimento por parte dos talleres de automóbiles.

**IX. Talleres de automóbiles ilegais.** levaron a cabo investigacións policiais (por parte da UPA) nos primeiros anos do Plan enmarcado nun subprograma específico atopándose un número alto de talleres ilegais. O número diminuíu co tempo sendo actualmente irrelevantes as investigacións policiais neste campo.

**X. Talleres de despezamentos de Vehículos.** Cada 2 anos leva a cabo un Subprograma específico neste sector. Coa aprobación recentemente do RD 20/2017 do 20 de xaneiro, nos dous últimos anos de maneira continuada realizouse un subprograma específico para comprobar que os máis 100 talleres de

|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                      |  |                |            |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------|--|----------------|------------|
|  <b>XUNTA DE GALICIA</b><br>CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,<br>TERRITORIO E VIVENDA<br>Dirección Xeral de Calidade Ambiental<br>e Cambio Climático | <b>SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL</b>                             |  | <b>Versión</b> | 0          |
|                                                                                                                                                                                                                                    | <b>INFOME RESUMO DE PLAN DE INSPECCIÓN<br/>AMBIENTAL 2013 - 2018</b> |  | <b>Data</b>    | 06/05/2019 |
|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                      |  | <b>Páxina</b>  | 8 de 17    |

despezaementos de vehículos ao final da súa vida útil (VFVU ou CAT) adaptáronse á nova normativa legal.

**XI. Vertedoiros ilegais.** No medio rural galego son frecuentes. Todos os anos dispónse dun Subprograma de investigación policial específico nesta materia cun dobre obxectivo: identificar os causantes da vertedura ilegal de residuos e comprobación da restauración do vertedoiro ilegal á súa situación inicial. Cada ano realízanse unha media de 500 investigacións policiais neste subprograma nas catro provincias galegas.

**XII. Vertedoiros de RSU clausurados.** Conforme a normativa legal estes vertedoiros clausurados deben de ser obxectos de control e vixilancia ambiental durante un período de 30 anos desde clausúraa do vertedoiro. O número de vertedoiros clausurados antigos de residuos sólidos urbanos é superior a 300. Cada ano realízase un subprograma específico para este sector de maneira que cada 6 anos poidan controlarse todos os vertedoiros clausurados. É un subprograma de investigación policial realizado pola UPA.

Coa realización destes subprogramas de inspección ambiental alcanzáronse os seguintes obxectivos:

1. Cumprimento da normativa ambiental polos industriais.
2. Información aos industriais dos cambios normativos existente e mellores prácticas ambientais que poden realizar no seu traballo diario.
3. Cumprimento das esixencias indicadas no Plan Plurianual e nos programas anuais da inspección ambiental de Galicia.

|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                      |                |                   |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------|----------------|-------------------|
|  <b>XUNTA DE GALICIA</b><br>CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,<br>TERRITORIO E VIVENDA<br>Dirección Xeral de Calidade Ambiental<br>e Cambio Climático | <b>SERVIZO DE INTERVENCIÓN AMBIENTAL</b>                             | <b>Versión</b> | <b>0</b>          |
|                                                                                                                                                                                                                                    | <b>INFOME RESUMO DE PLAN DE INSPECCIÓN<br/>AMBIENTAL 2013 - 2018</b> | <b>Data</b>    | <b>06/05/2019</b> |
|                                                                                                                                                                                                                                    |                                                                      | <b>Páxina</b>  | <b>9 de 17</b>    |

## 4.- RESULTADOS MAIS DESTACADOS

Os fitos máis sobresalientes da Inspección ambiental de Galicia máis destacados nestes 6 anos (2013 a 2018) son:

- Estrutura sólida e consolidación da inspección ambiental de Galicia. Resúmese a estrutura orgánica da inspección ambiental (Ano 2018): 1 Xefe de Servizo; 4 Xefes de Área (Inspectores); 23 Xefes de Sección (Inspectores); 2 Auxiliares Administrativos; 2 Técnicos de Intervención Ambiental. Deles 14 Xefes de sección atópanse distribuídos nas 4 Xefaturas Territoriais de Medio Ambiente.
- Elaboración do Manual de Inspección Ambiental de Galicia. Documento Básico de carácter técnico no que se fundamentan todas as inspeccións ambientais de Galicia.
- Formación de inspectores e dos axentes da UPA. Realizáronse neste período: I e II Curso Superior de Inspección Ambiental, de 300 e 50 horas respectivamente, dirixidos aos Inspectores Ambientais nos anos 2013 e 2018. Tamén todos os anos realízase un curso específico técnico dirixido aos inspectores ambientais. En relación a cursos da UPA todos os anos para coordinar os diferentes subprogramas cos axentes da UPA. Para cada subprograma novo que vaian realizar os axentes da UPA realízase previamente un curso específico de formación de carácter teórico e práctico.
- Decreto de Inspección Ambiental de Galicia. No ano 2017 iniciouse a redacción dun proxecto de borrador de decreto que culminou a finais do ano 2017. Todo o ano 2018 e posteriormente no ano 2019 foi necesario para a súa tramitación administrativa. O anterior Decreto de inspección estaba totalmente obsoleto (era do ano 1995 e estaba enfocado ao RAMINP derogado xa hai bastantes anos).
- Lider en dous Twinning: R. de Macedonia (2014-2016). Código do Twinning: MK 10 IPA EN 02 14 (MK-10-IB-EN-01). “ Fortalecemento das capacidades administrativas a nivel central e local para a aplicación do acervo ambiental “ e de R. de Xeorxia (2017-2019) : Código do Twinning: GE 14 ENI EN 02 16 (GE/24) “ Aproximación e implementación da normativa ambiental da UE , control industrial, contaminación e sustancias perigosas”. . En ambos a Inspección ambiental de

